

No Día de Rosalía

[Cesáreo Sánchez Iglesias](#) Escritor e presidente da AELG

25/feb./25

Amigas e amigos representantes das institucións políticas sociais, académicas e culturais.

Permitídenos, en primeiro lugar, agradecer a vosa presenza hoxe aquí. Saudamos tamén a creación da Fundación Panteón de Galegas e Galegos

Ilustres e o seu Padroado. É de suma importancia que este lugar teña o status necesario para seren honrados, coa dignidade que lles corresponde, aqueles e aquela que tiveron Galiza e o pobo galego como razón de ser e vivir, nomeadamente Rosalía de Castro, que hoxe aquí nos reúne.

Este lugar vai chanzo a chanzo acadando a súa laicidade no seu uso público. Pensamos que hai arquitecturas que constitúen os símbolos nacionais dun pobo, dunha cultura, e deben ser os galegos e as galegas quen exerzan a súa soberanía sobre eles.

Mañá, 23 de febreiro, é o día de Rosalía. Vimos convocados por ela, acollidos á súa sombra protectora, neste ano que a data ten unha dimensión fulcral, por tratarse dun día que proxectará os días futuros.

Nos momentos máis difíciles para a nosa lingua, ante a perigosa caída no seu uso, ante a diminución en séculos do número de galegofalantes, ela, Rosalía, ten alimentado e seguirá alimentando non só a nosa identidade, tamén a esperanza liberadora, como fillos e fillas desta terra na que reclinamos os soños.

Somos os seres humanos que desde este lugar, desde esta terra, construimos os destinos da humanidade.

Curros escribiu a Rosalía un dos poemas de máis alta pulsión lírica na literatura universal. Nel púxolle a estrela que leva na fronte. A estrela que Castelao leva nas maos como o remol dunha fogueira que ilumina os designios desta terra para que poidamos nacer, vivir, amar en galego. Neste idioma que eu lles estou a falar e que se sostén sobre o eco de todos e cada un dos corenta avós dos que nos falou Luís Seoane, avós que, desde o primeiro deles, tiñan establecido parentesco cos deuses.

A nosa fala sustenta, precisamente, as Letras Galegas do 2025. Publicamos un Manifesto desde a Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG (o 8 de novembro de 2024) no que damos noticia de que honraremos a nosa oralidade: “recoñecer a poesía da tradición oral das mulleres como elemento fundamental na transmisión da cultura e lingua galegas”. Honrala supón unha validación longamente agardada por un amplo tecido cultural de base do país.

Neste ano que dedicamos á memoria das que nos precederon no verso musicado, a Real Academia Galega personificou de xeito audaz a tradición oral feminina en tres figuras:

—A muller, na persoa de Eva Castiñeira, de Muxía,

—A complicidade do par de mulleres en Rosa e Adolfinia Casás de Cerceda,

—E a pequena comunidade das veciñas da bergantiñá aldea de Mens, representada por Prudencia e Asunción Garrido, e Manuela Lema.

A oralidade das pandeireteiras demostrou ser eficaz na transmisión da cultura e da lingua, tamén na conformación da identidade e sentido de pertenza.

Sentimos orgullo de sermos herdeiros e herdeiras da corallidade, das que foron parte da cadea de transmisión oral, porque todas elas contribuíron ao legado deste enorme patrimonio inmaterial que son as cantigas tradicionais e populares.

Implicitamente estas mulleres legáronnos a través do verso rápido e da lingua viva o seu xeito de construír comunidade a través da palabra.

Utilizamos igualmente a palabra para sinalar "aos que non nos aman", que dicía Bernardino Graña; el foi o noso primeiro presidente fundador. As súas cinzas moran xa nos areais de Cangas ("*Se morro, xa sabedes, deixádesme en Rodeira, no areeiro de Cangas, xunto ao mar*"), e ese mandato foi cumprido hai poucas semanas.

Precisamos poder deter o ataque espurio ao corpo mortal da nosa terra.

Á eucaliptización depredadora e á contaminación empobrecedora da celulosa xa existente súmase esa bomba de destrución denominada ALTRI, que será causante de deforestación das especies autóctonas que desertizarán aínda máis a nosa terra, se non a paramos.

Os bosques, soutos e fragas acolleron as prearias dos antigos, como oracións. Hoxe son continuas as agresións a necrópoles megalíticas, xacementos prehistóricos e monumentos funerarios dos antigos moradores desta terra. Nos cumes dos montes e serras colocan parques eólicos con aeroxeradores que matan as aves protexidas e feren a paisaxe.

50 explotacións mineiras ameazan a vida dos ríos e poñen en perigo a riqueza das nosas rías, podendo deixar sen postos de traballo a moitas mulleres e homes que se dedican ao marisqueo.

Téñense posto en marcha ao longo dos anos as máis diversas e sutís formas de agresión contra a nosa lingua, desde o acoso ao maltrato. Mais hai unha forma de agresión que se exerce contra quen a falamos e a amamos: quérannos ver doridos, mancados, vendo que somos unha xeración á que lle está a ser roubado o idioma que herdamos dos nosos avós.

Sen querer amortecer o significado da violencia vicaria, a violencia máis cruel exercida en contra das mulleres, atopamos un paralelismo na xorda e invisíbel violencia vicaria contra o noso idioma que ten por obxectivo ferir, humillar, alimentar o autoodio entre os falantes e promover a dependencia do que nos é alleo. Téntase que sexamos humanamente derrotados. Téntase humillar a aqueles e aquelas que facemos do galego a nosa bandeira de identidade, queren que sexamos desposuídos dela.

Estamos a ver que non se trata só de tanta porcentaxe de galego fica no ensino, nin de como sexa falada a nosa lingua: trátase de que non se fale, de que se extinga. Nin no parlamento español, nin no europeo, nin na Radiotelevisión galega. Búscase que o galego non exista.

Vemos o caso dos dous representantes no parlamento europeo que votan contra o uso do galego para que non se fale nesa mesma Europa que o pobo galego, que a lingua galega, en palabras de Goethe, axudou a construír. Son palabras insculpidas aquí perto nas rúas de Compostela:

"A Europa que se construíu viaxando cara Compostela".

Que corazón de ferro hai que ter para negar a todo un pobo a parte fulcral da súa identidade, o merecido prestixio de ser un dos idiomas cuxas capas máis profundas sedimentaron ao longo de milenios.

Presenciamos o xenocidio palestino está a ser insoportabelmente doloroso. Ao mesmo tempo fainos crer na fortaleza do ser humano. Desá forza dános testemuña o pobo palestino de Gaza.

Mentres os centos de miles de gazatís regresaban ao norte de Gaza nunha imaxe de dimensións bíblicas, cantaron e choraron lágrimas de esperanza. Recitaron poesía cun orgullo desafiante: non van permitir ser expulsos da súa terra.

Conmovidos, somos conscientes de estarmos a presenciar un momento histórico para os pobos sometidos do mundo.

Nenos orfos levando ás costas outros nenos orfos. Entre eles, unha nena de 11 ou 12 anos canta con orgullo:

"Miña terra,
Meu querido país, a fermosa Gaza,
A terra é nosa.
A historia é nosa.
As raíces son nosas.
A paz sexa connosco.
Con todo o que temos soportado,
Si, somos o pobo de Gaza.
Deus é grande,
Miña terra natal,
Gaza,
a terra do meu corazón".

Así Rosalía, a poeta que leva na fronte unha estrela e no bico un cantar, aos que maltratan unha cultura, un idioma, diríalles:

"Tedes o corazón de ferro!".

*Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Bonaval, 22 de febreiro de 2025*